

## *Informe de Coordinación*

*Master en Xestión e Dirección Laboral. Especialidad “Dirección Laboral da empresa”.*

*Curso 2021/2022*

---

### *Índice*

<i>I INFORMACIÓN XERAL</i> .....	2
<i>II COORDINADORES/AS</i> .....	2
<i>III ACCIONS DE COORDINACIÓN</i> .....	2
<i>IV CONCLUSIÓNS</i> .....	11

**I INFORMACIÓN XERAL**

Denominación del título	Master Universitario en <i>Xestión e Dirección Laboral</i> . Especialidad en <i>Dirección Laboral da empresa</i> .
Centro/s donde se imparte el título	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
En el caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidad/es participante/s	Universidad Coordinadora: Universidad de Santiago de Compostela Universidades participantes: -Universidad de Santiago de Compostela -Universidad de A Coruña -Universidad de Vigo
Curso de implantación	2009/2010

**II COORDINADORES/AS**

Coordinador/a del Título	Coordinador: Alexandre Pazos Pérez Secretaria: Rosa Rodríguez Martín-Retortillo
Coordinadores/as de Curso (si procede)	

**III ACCIONES DE COORDINACIÓN**

En primeiro lugar, dado o carácter do Máster Interuniversitario de Máster en Xestión e Dirección Laboral, a constitución e composición da Comisión específica para a especialidade Dirección Laboral dá empresa que se imparte na Universidade de Vigo, foi aprobada na Comisión Interuniversitaria do Máster en Xestión e Dirección Laboral, reunida o 1 de xullo de 2013 e posteriormente ese acordo foi ratificado pola Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, reunida o 8 de xullo de 2013.

As accións de coordinación que se levan a cabo no contexto do Master en Xestión e Dirección Laboral, especialidade en Dirección Laboral dá empresa son esencialmente de tres tipos:

- Coordinación no marco da Comisión Académica do Master.
- Coordinación entre os coordinadores do Master e os coordinadores de materia.
- Coordinación entre os coordinadores de cada materia e o profesorado da mesma.

Ademais das reunións celebradas en relación con eses labores de coordinación, o propio Coordinador, tal e como figura nos informes de seguimento respecto diso, actuou como titor de PAT desenvolvéndose tres reunións colectivas principais e outras de carácter individual con moita máis asiduidade e atendendo aos problemas específicos de cada estudante.

### ***1.- Reunións de coordinación no marco da Comisión Académica do Master.***

Para a coordinación académica do Master durante o curso académico 2021/2022 realizáronse un total de sete reunións da Comisión Académica do Master en Xestión e Dirección Laboral, especialidade Dirección laboral dá empresa –as mesmas reunións que no curso anterior- nas datas que se sinalan a continuación:

**a.- 22 de outubro de 2020**, ás 09:45h. en primeira convocatoria, e ás 10:15h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (5 de xullo de 2021).

2º.- Informes do Sr. Coordinador.

3º.- Aprobación, se procede, da solicitude dun estudante, Marcos Fernández López, que cursou o Master o ano pasado na Universidade da Coruña, e que ten pendente de superar o TFM e as prácticas externas, co que solicita a admisión en Vigo nesas materias e o recoñecemento de créditos das materias que aprobadas na Coruña.

4º.- Aprobación, se procede, das solicitudes para cursar o Master na modalidade de tempo parcial, das estudantes.

5º.- Aprobación, se procede, do cambio de datas nas clases de "Aspectos macroeconómicos e territoriais do mercado de traballo", tras un cambio coa materia Seguridade Social Complementaria, que quedarían así:

Primeira sesión: Venres, 1 de outubro

Segunda sesión: Mércores, 6 de outubro

Terceira sesión: Mércores, 27 de outubro

Cuarta sesión: Mércores, 3 de novembro

Quinta sesión: Xoves, 4 de novembro

6º.- Rogos e preguntas.

**b.- 2 de decembro de 2020**, ás 15:30h. en primeira convocatoria, e ás 16:00h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

1º.- Informes do Sr. Coordinador.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (4 de outubro de 2021).

3º.-. Aprobación, se procede, do orzamento do Master en Xestión e Dirección Laboral (Especialidade en Dirección Laboral de Empresas) para o curso 2021/20223.

4º.- Aprobación, se procede, do cronograma para a defensa dos TFM na convocatoria extraordinaria do mes de febreiro de 2022:

04-02-2022: entrega ao titor/a da versión definitiva do TFM.

11-02-2022: depósito do traballo

18-02-2022: defensa pública dos TFM

5º.- Aprobación, se procede, das datas de defensa dos TFM nas convocatorias de xuño e xullo de 2022:

XUÑO 2022:

03-06-2022: entrega ao titor/a da versión definitiva do TFM.

10-06-2022: depósito do traballo

17-06-2022: defensa pública dos TFM

XULLO 2022:

01-07-2022: entrega ao titor/a da versión definitiva do TFM.

08-07-2022: depósito do traballo

15-07-2022: defensa pública dos TFM

6º.- Sorteio e aprobación, se procede, dos membros do Tribunal avaliador dos TFM para o curso académico 2020/21.

7º.- Aprobación, se procede, das titorizacións dos TFM para o curso 2021/2022.

8º.- Aprobación, se procede, das solicitudes de recoñecemento de créditos na asignatura “Prácticas externas”, dos estudantes.

9º.- Rogos e preguntas.

**c.- 9 de febreiro de 2022**, ás 8:30h en primeira convocatoria, e ás 9:00h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (2 de decembro de 2021).

2º.- Informes do Sr. Coordinador.

3º.-. Aprobación, se procede, do cambio no POD da docencia correspondente á profesora Catarina de Oliveira Carvalho, por Ana Cristina Ribeiro Costa, da materia Relacións Transfronterizas e Dereito Social Portugués.

4º.- Aprobación, se procede, do cese como membro da Comisión Académica do Master da profesora Emma Rodríguez Rodríguez, e do nomeamento da profesora Marta Fernández Prieto en substitución dela.

5º.- Rogos e preguntas.

**d.- 23 de marzo de 2022**, ás 10:00 h. en primeira convocatoria, e ás 10:30h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

1º.- Informes do Sr. Coordinador

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (9 de febreiro de 2022).

3º.- Aprobación, se procede, da PDA correspondente ao curso 2022/2023.

4º.- Aprobación, se procede, da modificación do título do Traballo Fin de Master da alumna.

5º.- Rogos e preguntas.

**e.- 20 de abril de 2022**, ás 10:00 h. en primeira convocatoria, e ás 10:30h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

1º.- Informes do Sr. Coordinador

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (23 de marzo de 2022).

3º.- Aprobación, se procede, do POD correspondente ao curso 2022/2023.

4º.- Aprobación, se procede, da modificación do título do Traballo Fin de Master da Alumna.

5º.- Análise dos aspectos tratados no PAT do 16 de marzo, e aprobación, se procede, das posibles propostas de mellora que se plantexen.

6º.- Rogos e preguntas.

**f.- 4 de xullo de 2022**, ás 13:00 h. en primeira convocatoria, e ás 13:30 h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

1º.- Informes do Sr. Coordinador.

- 2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20 de abril de 2022).
- 3º.- Aprobación, se procede, das Guías Docentes para o curso académico 2022/2023.
- 4º.- Aprobación, se procede, do calendario do curso académico 2022/2023.
- 5º.- Aprobación, se procede, das datas de exames para o curso académico 2022/2023.
- 6º.- Aprobación, se procede, da modificación do título dos Traballos Fin de Master das alumnas.
- 7º.- Aprobación, se procede, do adiamento da convocatoria extraordinaria de defensa dos Traballos Fin de Master de febreiro, ao mes de setembro, con carácter definitivo de cara a sucesivas edicións.
- 8º.- Rogos e preguntas.

**g.- 27 de xullo de 2022**, ás 09:20 h. en primeira convocatoria, e ás 09:50 h. en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte orde do día:

- 1º.- Informes do Sr. Coordinador.
- 2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (4 de xullo de 2022).
- 3º.- Aprobación, se procede, do cambio na Secretaría Académica do Master. Deixa ditas funcións a profesora Rosa Rodríguez Martín-Retortillo, e as asume no seu lugar o profesor Alberto Vaquero García.
- 4º.- Aprobación, se procede, do cambio na Coordinación da materia “Prácticas Externas” do Master. Deixa ditas funcións a profesora Rosa Rodríguez Martín-Retortillo, e as asume no seu lugar o profesor Alexandre Pazos Pérez.
- 5º.- Aprobación, se procede, do cambio no POD en relación coa Coordinación da materia “Prácticas Externas”.
- 6º.- Aprobación, se procede, das datas de defensa para os TFMs da convocatoria extraordinaria de setembro de 2022.
- 05 setembro 2022: entrega ao titor/a da versión final do TFM
  - 08 setembro 2022: depósito do TFM a través da plataforma virtual
  - 14 setembro 2022: defensa pública do TFM

7º.- Aprobación, se procede, do mantemento da convocatoria extraordinaria de defensa dos Traballos Fin de Master de febreiro, ademais da de setembro.

8º.- Rogos e preguntas.

## ***2.- Coordinación entre os coordinadores do Master e os coordinadores e/o profesores de materia***

Ao longo do curso académico mantense unha constante e fluída comunicación entre os coordinadores do Master e os coordinadores e/o profesores das materias para os efectos de dar cumprimento ou preparar os acordos que se adoptan na CAM.

A Comisión Interuniversitaria do Master reuniuse por primeira vez no curso 2021/2022 o 22 de decembro de 2021, as 12.30 horas en primeira convocatoria e 12:40 en segunda convocatoria na Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela, en conexión telemática, co seguinte orde do día:

1º.- Informes dos coordinadores

2º.- Recoñecementos de estudos

3º.- Bases sobre a progresiva implantación da coordinación dos programas docentes

A Comisión Interuniversitaria do Master reuniuse o día 4 de marzo para proceder a elaboración coordinada do Informe de Seguemento do Máster. Posteriormente, a Comisión Interuniversitaria reuniuse o 18 de marzo de 2022, para realizar 4 convalidacións de prácticas externas. De feito, púxeno no Informe seguimento, que ademais me gustaría cambiar a x por un 4: Na Universidade de Vigo durante o curso 2020/21, x alumnos solicitaron o recoñecemento de créditos que foron aprobados en x Comisións Académicas do Máster, unha celebrada o 22 de outubro de 2020, outra o 26 de febreiro de 2021 e a última o 9 de abril de 2021. Na primeira aprobáronse solicitudes de Alejandro Rodríguez Domínguez recoñecemento na materia “Organización da Prevención na empresa” (1) e “Xestión da Prevención de Riscos Laborais” (1) e Nathalie Lolo Martínez e María Luz Jorge Fonte na materia “Análise contable” (2). Na segunda aprobáronse dúas solicitudes das alumnas María Luz Jorge Fonte e Sofía Pérez Sánchez do recoñecemento na materia “Prácticas Externas” por acreditar suficiente experiencia laboral. Na Comisión Académica do 9 de abril aprobáronse dúas solicitudes de recoñecemento da materia “Prácticas Externas” de Tamara Pérez Costas e Noelia Estévez Ferreiro.



A Comisión Interuniversitaria do Master tamén se reuniu o 26 de maio de 2022 para dar cumprimento á acción de mellora de unificar programas nas materias que integran o módulo común do Máster, co descriptor do seu contido básico extraído da memoria do título.

Para dar cumprimento, solicitouse ao profesorado que incorporase o correspondente contido básico.

Nun contexto no que a pandemia do COVID-19 aínda non terminou, aínda que se pode apreciar a súa melloría grazas á vacinación, os coordinadores das tres Universidades estivemos en contacto permanente a fin de intercambiar información acerca da adaptación dos estudos de Master á situación sobrevinda e de ofrecer aos estudantes do Master Interuniversitario solucións coordinadas. Neste sentido, os contactos permanentes mantidos cos outros dous coordinadores efectuáronse a través de canles informais. A partir da declaración do estado de alarma as reunións formais da CAM tiveron lugar de forma telemática, a través da plataforma TEAMS. Iso non impediu o fluído intercambio de informacións e a adopción de medidas de coordinación entre os coordinadores das tres Universidades. Ademais, abordáronse asuntos ordinarios sobre o título nas tres Universidades, como o recoñecemento de créditos do alumnado ou o seguimento das accións de mellora planificadas para o curso académico 2021/22.

Doutra banda, en canto á coordinación entre os coordinadores do Master e os coordinadores e/o profesores de materia, hai que deixar constancia que, do mesmo xeito que outros anos, desde a Coordinación do Master trátanse directamente con todos os profesores das materias cuestións relativas á programación das actividades docentes, en particular, das sesións presenciais do Master; elaboración do POD do Master; proposta de temas para o TFM; asignación de alumnos para a dirección de TFM; conformación dos tribunais de TFM; posibles incidencias que poñan de relevo os alumnos no desenvolvemento dalgunha materia.

Por último, hai que destacar que, a pesar da pandemia, desde o primeiro momento optouse pola docencia presencial sincrónica, o que esixiu un esforzo maior de coordinación co profesorado e de adaptación de leste aos novos métodos técnicos e docentes.

### ***3.- Coordinación entre o coordinador de cada materia e o profesorado da mesma***

Ao longo do curso tamén se mantén unha comunicación regular entre o/a coordinador/a de cada materia e o profesorado da mesma. Esta coordinación ten por obxecto, fundamentalmente, organizar a distribución de contidos das materias, planificar as actividades docentes e de avaliación que propón cada profesor aos alumnos e unificar os criterios de avaliación entre os profesores que imparten cada materia; todo iso queda debidamente reflectido nas guías docentes, que son aprobadas

pola CAM e pola Xunta de Facultade. Tamén esta modalidade de coordinación tivo que ser reforzada -sempre baixo a supervisión permanente do coordinador do Master- a partir do paso á docencia en liña.

#### **4.- Outras accións de coordinación desenvolvidas**

No marco do Master en Xestión e Dirección Laboral, especialidade Dirección laboral dá empresa tamén se aplica, nos seus aspectos esenciais, o Plan de Acción Titorial aprobado pola Xunta de Facultade para todas as titulacións que se imparten na mesma.

Para o curso 2021/2022, a titoría dos alumnos do Master a efectos do PAT foi asumida polo Coordinador que levou a cabo varias reunións cos alumnos e alumnas.

1º) Que, en data, 14 de outubro de 2021, ás 16h, levouse a efecto unha primeira reunión titorial conxunta con todo o alumnado na aula do Máster da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, realizada polo Coordinador-titor Alexandre Pazos Pérez, cunha duración aproximada de 30 minutos.

Na reunión o Coordinador-titor preguntoulle ao estudantado se había algunha incidencia manifestando o alumnado:

- Que sufriron un cambio no calendario dunha materia.

O coordinador explicoulles que foi un cambio puntual polo falecemento dun familiar dun profesor, pero que calquera cambio no calendario débese aprobar nunha Comisión Académica do Máster e informárase procedentemente.

Na reunión estiveron presentes 21 estudantes (achégase listaxe de asistentes) que manifestaron que:

- A coordinación das materias entre o profesorado responsable é boa.

- Todo o profesorado estaba a fornecerlles a documentación necesaria e adaptando as clases á modalidade virtual sen maiores incidencias.

Por último, o Coordinador-Titor informa que o vindeiro mércores 20 de outubro de 2021 vai iniciar o procedemento de elaboración dos Traballos de Fin de Máster mediante as propostas e asignación de Traballos.

2º) Que, en data, 16 de marzo de 2022, ás 16h, levouse a efecto unha segunda reunión titorial conxunta con todo o alumnado na aula do Máster da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, realizada polo Coordinador-titor Alexandre Pazos Pérez, con 23 estudantes presentes, cunha duración aproximada de 45 minutos.

Na reunión o Coordinador-titor preguntoulle ao estudantado se había algunha incidencia manifestando o alumnado:

- Que a carga docente dalgunhas materias é demasiado ampla O coordinador-titor toma nota e transmite esta información aos profesores aludidos.

- Petición para que o profesorado colgue os materiais docentes con antelación suficiente respecto da data do exame, para permitir o seu estudo previo ao exame. O coordinador comprométese en transmitir esta información a todos os coordinadores de materias do Máster.

- Suxerencia para que as materias impartidas por un só profesor sexan impartidas por máis docentes, especialmente por docentes profesionais externos á Universidade de Vigo.

- Os alumnos preguntan sobre o sistema de asignación das empresas para facer as prácticas externas e sobre o sistema de asignación de titor e tema para o TFM. Infórmaselles de todo iso e indícaselles que nos próximos días a profesora Rosa Rodríguez, titora de ambas as materias, baixará á aula para darlles unha explicación máis exhaustiva e resolver dúbidas.

3º) Posteriormente, no mes de xuño realizouse unha enquisa final de valoración do PAT de forma telemática mediante a plataforma MooVi, no que tan só participaron tres estudantes, polo que as respostas non se poden cualificar de representativas. Con todo, as respostas son variadas. Comunicouse previamente por correo electrónico ao alumnado mediante a plataforma MooVI, a necesidade de realizar a devandita enquisa mediante a correspondente publicidade da mesma.

4º) Por último, o Coordinador-Titor distribuíu entre o alumnado unha enquisa sobre os factores que inflúen na elaboración e presentación dos Traballos de Fin de Máster elaborado na Comisión Interuniversitaria do Máster en Xestión e Dirección Laboral.

A comunicación entre o Coordinador do Master e o alumnado foi fluída e continuada, desenvolvéndose por diferentes canles: correo electrónico e a plataforma MooVi mediante a materia do Plan de Acción Titorial.

Como accións especiais de coordinación levadas a cabo no curso 2021/22, con motivo da situación da pandemia do Covid-19, a defensa dos TFM ampliouse en terceira convocatoria, ao mes de setembro de 2022.

Todo iso favoreceu a defensa dos TFM por parte dos estudantes matriculados no Máster. Así mesmo, todos os estudantes tiveron oportunidade de facer as prácticas externas en empresas de forma presencial.

Ademais, como vén sendo habitual nos cursos anteriores, no mes de febreiro, o profesor Alberto Vaqueiro García impartiu unha sesión formativa ao alumnado en relación coa elaboración do Traballo Fin de Máster, en especial, no que se refire ás explicacións xerais sobre a forma de citar academicamente e indicóuselles como consultar as bases de datos á súa disposición.

Este curso académico houbo acto formal de clausura, que se celebrou o 22 de xuño de 2022 no salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus de Vigo.

#### IV CONCLUSIONES

As accións de coordinación expostas repítense en termos similares cada curso e, entendemos que resultan adecuadas e suficientes para garantir un adecuado desenvolvemento das actividades académicas do Master. Con todo, este curso académico foi preciso extremar as actuacións de coordinación, con motivo da pandemia do Covid-19. No seu conxunto, a totalidade do curso saldouse con éxito, sen incidencias. De feito, esta situación non tivo repercusión na porcentaxe de aprobados e suspensos das materias cursadas, nin sequera no TFM. É máis, a taxa de TFM defendidos este curso foi máis alta que a dos cursos anteriores.

Por tanto, do mesmo xeito que nos cursos anteriores, a maioría dos alumnos matriculados han superado todas as materias do Master no curso académico correspondente. Mesmo se detectou un repunte dos alumnos matriculados noutros cursos académicos que retomaron a elaboración do TFM -única materia que quedaba para obter o título-, e que o defenderon con éxito.

Doutra banda, desde a Coordinación tentouse coñecer a satisfacción dos egresados e os estudantes doutros cursos pasados a través da elaboración dunha enquisa cuxos resultados poden cualificarse de satisfactorios, proba diso é que ano tras ano se mantén a demanda do Máster polos recentemente Graduados en Dereito e Relacións Laborais, en especial. Ademais, estes egresados manifestaron o importante labor do Máster como medio de inclusión no mercado laboral, pois moitos deles continuaron prestando servizos para as empresas ou institucións nas que realizaron as súas prácticas académicas,

En Vigo, a 22 de novembro de 2022

Alexandre Pazos Pérez

Coordinador del Máster en Xestión e Dirección Laboral